

Estimadas familias:

O momento de entrada na escola ten moita importancia, por iso é axeitado co preparemos xuntos para que se desenvolva do mellor xeito posible.

Como país e nais, é necesario que coñezades e levedes á práctica algunhas normas básicas sobre o funcionamento do noso centro.

- **Accesos ao centro:** os nenos/as que veñan a pé, serán recollidos no portal de entrada polos mestres/as de garda e entregados no mesmo portal á saída.
- **Cómpre evitar ou establecer conversas cos mestres/as** ás entradas ou saídas en horarios lectivos xa que isto dificulta o seu traballo. Existen horarios dispostos para atención as familias. As entrevistas concretaranse previamente.
- **No caso de que os nenos/as se ouriñen**, os mestres/as non poderán cambialos polo que se porán en contacto inmediatamente coas familias para que se acheguen ao colexio.
- **Medicamentos:** o persoal do centro non pode darlle ningún tipo de medicamento ao alumnado. En caso de urxencia médica aplicaráselle os primeiros auxilios básicos (cortar hemorraxias, apósito adhesivo, ...) e inmediatamente trasladarase o neno/a ao centro de urxencias médicas.

Co obxectivo de que os vossos fillos/as comecen a ser autónomos e a valerse por si mesmos, é importante comezar a fomentar as seguintes orientacións;

**HÁBITOS:** deitade cedo ao neno/a para que polas mañás se poida vestir e almorzar con tranquilidade e autonomía. É importante que siga un horario de sono e comidas equilibrado e constante que non o leve a quedarse durmido polas mañás ou acudir á escola sen almorzar.

**ASISTENCIA:** para unha correcta marcha escolar do alumnado é necesaria unha asistencia regular. Convén que non os deixedes na casa se non é por un motivo xustifico. Tamén rogamos puntualidade nas entradas e saídas.

**ENFERMIDADE:** os nenos/as deben quedar na casa se teñen febre, decaemento xeral ou dor, vómitos, ... É importante que avisedes á mestra/e no caso dunha enfermidade contaxiosa ou se ten que seguir algún tratamento ou precaución especial.

**ROUPA:** deben vir con roupa cómoda que lles permita moverse con facilidade e acudir ao servizo sos. Evitade o uso de pantalóns de peto, tirantes ou roupa que teña botón difíciles. O mandilón traerá o nome e o primeiro apelido do neno/a ademais dunha cinta ampla para que o poidan colgar. Procurade que teña botóns grandes e que se abotoe por diante.

Non se recomenda o emprego de mochila con rodas.

**MERENDAS:** aconséllase seguir o calendario de merendas que a comezo de curso se achegará dende o centro. Para a o seu transporte e manipulación, recoméndase o uso de fiambreira ou tupper.